

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Decreto 411/2009, do 12 de novembro, polo que se declara a zona de especial protección para as aves da Limia.*

O artigo 4.1º da Directiva 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres, establece que os estados membros clasificarán en zonas de especial protección para as aves (ZEPA) os territorios máis adecuados en número e superficie para a conservación das especies mencionadas no anexo I da dita directiva, adoptando medidas semellantes respecto das especies migratorias non recollidas no anexo I cuxa chegada sexa regular.

A declaración dun espazo natural como ZEPA leva a súa inclusión directa na Rede Natura 2000, tal como establece a Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, e implica o compromiso de establecer medidas de conservación adecuadas para evitar a deterioración dos seus hábitats, así como as perturbacións que poidan afectar significativamente ás aves. Estas medidas poderán establecerse mediante plans de xestión específicos ou ben integradas noutros instrumentos de planificación.

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, sinala que as zonas de especial protección para as aves terán a consideración de espazos protexidos, coa denominación de espazo protexido Rede Natura 2000 e co alcance e as limitacións que as comunidades autónomas establezan na súa lexislación e nos correspondentes instrumentos de planificación. O artigo 43 da citada lei establece que corresponde ás comunidades autónomas, logo de procedemento de información pública, a declaración das zonas de especial protección de aves no seu ámbito territorial, incluíndo información sobre os seus límites xeográficos, os hábitats e sobre as especies polas que se declararon. Neste sentido, a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, regula no seu artigo 16 as zonas de especial protección dos valores naturais, incluíndo nesta categoría as zonas de especial protección para as aves.

A principios do ano 2000 a Comisión Europea iniciou un proceso de infracción contra o Reino de España por insuficiente designación de zonas de especial protección para as aves, xa que, desde o punto de vista da Comisión, o proceso de constitución da rede de ZEPA en España estaba inconcluso, mostrando carencias importantes. Consumando as súas reiteradas advertencias, a comisión presentou en xuño de 2004 ante o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas unha demanda contra o Reino de España, co fin de que se declare que ao non clasificar como ZEPA suficientes territorios en número e superficie como para ofrecer unha protección a todas as especies de aves enumeradas no anexo I da Directiva 79/409/CEE, así como ás especies migratorias non recollidas no mencionado anexo I, incumpriu as obrigas que lle incumben de acordo co artigo 4, puntos 1 e 2, da directiva.

Mediante sentenza do 28 de xuño de 2007 o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas decidiu que o Reino de España incumpriu as obrigas que lle incumben en virtude do artigo 4, puntos 1º e 2º, da Directiva 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, ao non clasificar como zonas de protección especial para as aves territorios suficientes en superficie nas comunidades autónomas de Andalucía, Baleares e Canarias e territorios suficientes en número nas comunidades autónomas de Andalucía, Baleares, Canarias, Castilla-La Mancha, Cataluña, Galicia e Valencia, para ofrecer unha protección a todas as especies de aves enumeradas no anexo I desta directiva, así como ás especies migratorias non recollidas no devandito anexo.

Por medio do Decreto 131/2008, do 19 de xuño, declarouse a ZEPA Pena Trevinca cumprindo parcialmente a Sentenza do 28 de xuño de 2007, do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, de tal forma que a rede ZEPA de Galicia está composta por 15 lugares (Illas Cíes, Ribadeo, Ría de Ortigueira e Ladrado, Complexo Intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, punta Carreirón e lagoa Bodeira, Costa da Morte (Norte), Illa de Ons, Costa de Ferrolterra - Valdoviño, Complexo Litoral de Corrubedo, Costa da Mariña Occidental, Ría de Foz, Os Ancares, Esteiro do Miño, Baixa Limia-Serra do Xurés, Serra da Enciña da Lastra e Pena Trevinca) que alcanzan unha superficie total de 94.089 ha.

A Comisión Europea considerou que para a definición dos territorios máis apropiados para a conservación e, en particular, para a supervivencia e a reprodución das especies importantes, segundo o disposto no artigo 4, puntos 1º e 2º da Directiva 79/409/CEE, os estados membros deben basear a súa avaliación exclusivamente en criterios científicos ornitolóxicos e que o Inventario de Áreas Importantes para as Aves 98 publicado por SEO/BirdLife, supón a referencia máis documentada e máis precisa entre as dispoñibles. Das 11 áreas importantes para as aves identificadas en Galicia, só A Limia, non conta con algún grao de cobertura por medio dunha ZEPA. Co propósito de cumprir adecuadamente cos obxectivos da directiva e os requirimentos da Comisión Europea, a Consellería do Medio Rural avaliou a importancia ornitolóxica deste territorio e identificou as zonas de maior relevancia.

Na actualidade, a Limia presenta, ademais dun relevo practicamente chan, unha paisaxe eminentemente agrícola e escasamente forestada, na que dominan os cultivos cerealeiros de secano. Esta fisionomía da vexetación e os factores topográficos poderían conferirlle á comarca algúns trazos de ecosistemas pseudoesteparios nun sentido amplo, a pesar de que na Limia faltan superficies significativas de herbais seminaturais ou pastoreados, aínda que presentes en sectores de antigas veigas de inundación transformadas. No entanto, na comarca existen efectivos relevantes de varias especies de aves consideradas xenuinamente esteparias, como o sisón (*Tetrax tetrax*), o alcaraván (*Burhinus oediconemus*), a tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) e a calandriña

común (*Calandrella brachydactyla*), xunto a outras propias de áreas abertas en xeral como a laverca (*Alauda arvensis*), a cotovía cristada (*Galerida cristata*), a pica campestre (*Anthus campestris*) ou o triqueirón (*Miliaria calandra*). Desta forma, a pesar de non poder ser recoñecida como unha auténtica estepa, hoxe en día a maior parte da comarca da Limia pode definirse como un ecosistema agrario pseudoestepario de chaira cerealeira.

Mediante Resolución do 11 de xullo de 2007, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se somete a información pública e audiencia aos interesados o proxecto de decreto polo que se declaran zonas de especial protección para as aves A Limia e Pena Trevinca abriuse un prazo dun mes, para que aquelas persoas interesadas que se considerasen directamente afectadas pola declaración puidesen, mediante escrito dirixido á dirección xeral, remitir as súas suxestións e alegacións. Formuláronse 6.263 alegacións relativas á ZEPA da Limia, nas que, na súa maior parte, se manifesta a desconformidade cos límites establecidos no proxecto de decreto e solicítase a súa retirada. Unha vez analizadas as alegacións recibidas e tidos en conta os requirimentos legais existentes, optouse por aceptar parcialmente as alegacións e realizar un axuste na delimitación da ZEPA.

Unha vez sometido a información pública e de acordo co establecido polo artigo 44 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, por medio deste decreto declárase a ZEPA A Limia cunha superficie de 6.939,2 ha, e unha zona periférica de protección cunha superficie de 7.558,6 ha, nos termos que define o artigo 37 da Lei 42/2007, e que ten como finalidade desenvolver un sistema integrado de conservación baseado na aplicación de medidas activas de desenvolvemento rural sustentable en consonancia co Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia que constitúe o instrumento que implementa o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural conforme co Regulamento (CE) 689/2005. O Plan de desenvolvemento sustentable da Limia constituirá un alicerce básico na harmonización do desenvolvemento e a conservación desta área.

As competencias en materia de protección do ambiente e da paisaxe foron asumidas pola Comunidade Autónoma de Galicia, coa aprobación do noso Estatuto de autonomía, de conformidade co disposto no seu artigo 27.30º.

Polo exposto, no uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, por proposta do conselleiro do Medio Rural e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día doce de novembro de dous mil nove,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-*Declaración.*

1. De conformidade co establecido na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da bio-

diversidade, declárase a zona de especial protección para as aves A Limia. Os límites e a extensión deste espazo protexido veñen recollidos e cartografados no anexo I e II deste decreto.

2. De conformidade co establecido no artigo 16 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, declárase zona de especial protección dos valores naturais o ámbito territorial definido no punto anterior.

##### Artigo 2º.-*Finalidade.*

A declaración do espazo natural da Limia como zona de especial protección para as aves ten por finalidade a protección e a conservación do hábitat e das especies de aves sinaladas no anexo III deste decreto, así como das demais especies migratorias de presenza regular na zona, especialmente no que se refire á protección dos seus lugares de reprodución, muda, invernada e descanso, nos termos expresados na Directiva 79/409/CEE, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres.

##### Artigo 3º.-*Medidas de conservación.*

1. Na zona de especial protección para as aves A Limia evitarase a deterioración dos hábitat naturais e dos hábitat das especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivan a declaración deste espazo protexido na medida na que as ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable.

2. De conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, as medidas de conservación aplicables a este espazo protexido serán as establecidas para a conservación da Rede Natura 2000 e as recollidas no plan ou instrumento de xestión deste espazo que se aprobe para o efecto.

3. De igual xeito terán efecto as disposicións emanadas da Directiva 79/409/CEE, do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres.

##### Artigo 4º.-*Xestión.*

1. A xestión da zona de especial protección para as aves A Limia terá en conta as exixencias económicas, sociais e culturais así como as particularidades locais desa zona.

2. Para ese efecto, poderanse seguir levando a cabo de xeito ordenado os usos e as actividades tradicionais que non supoñan incidencia negativa significativa sobre os valores naturais que motivaron a declaración.

3. A consellería competente en materia de conservación da natureza elaborará o correspondente plan de conservación que aprobará por decreto a Xunta de Galicia no prazo máximo de dous anos previo procedemento de exposición pública. Mentres non se produza a aprobación de devandito plan de conservación, aquelas actividades non tradicionais que se pretendan desenvolver no ámbito territorial da

ZEPA e que poidan ter incidencia negativa significativa serán sometidas a autorización da Consellería do Medio Rural.

*Artigo 5º.-Zona periférica de protección.*

1. Conforme o establecido no artigo 37 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, créase unha zona periférica de protección (ZPP) destinada a minimizar impactos sobre os hábitats das especies mediante a aplicación e o fomento de medidas agroambientais e practicas orientadoras que favorezan a súa conservación.

2. Os límites e a extensión desta zona periférica de protección veñen recollidos e cartografados no anexo I e II deste decreto.

*Artigo 6º.-Medidas de fomento e desenvolvemento rural sustentable.*

A Consellería do Medio Rural desenvolverá no prazo de dous anos un Plan de desenvolvemento sustentable orientado ao fortalecemento da actividade económica, social e cultural á vez que establecerá medidas de apoio e orientación tendentes ao desenvolvemento da actividade agraria en réxime sustentable, de cara a harmonizar a obtención de bens e servizos co mantemento dun estado de conservación favorable das especies e dos hábitats que as sustentan.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facultase o titular da consellería competente en conservación de natureza para ditar as disposicións necesarias para desenvolver este decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, doce de novembro de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente da Xunta de Galicia

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural

*ANEXO I*

Límites da ZEPA A Limia.

Superficie: 6.939,2 ha.

Provincia: Ourense.

Municipios: Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Xinzo de Limia e Xunqueira de Ambía.

Os límites están referidos á ortofoto PNOA 2006-07 e ao Catastro Nacional. Coordenadas UTM (fuso 29), datum ED50.

-Sector A.

Polo norte, no concello de Xunqueira de Ambía, o límite comeza no cruzamento de pistas, no punto de coordenadas (x: 605.130,84; y: 4.669.426,38), para seguir ao leste por unha pista ata o punto (x: 606.256,29; y: 4.669.431,77), onde vira cara ao sur seguindo unha pista ata chegar ao cruzamento no punto (x: 606.304,03; y: 4.668.786,10), seguindo cara ao leste por unha pista ata o punto (x: 606.545,58; y: 4.668.775,54), onde vira cara ao sur seguindo uns 172 m o límite de predios ata o punto (x: 606.542,35; y: 4.668.603,42). Segue cara ao leste apoiándose no límite dos predios ata o punto (x: 606.800,95; y: 4.668.595,44), na estrada Bustelo-A Corga, seguindo por esta estrada cara ao sur ata o cruzamento cunha pista no punto (x: 606.781,07; y: 4.668.510,85), pola que continúa cara ao sueste ata o punto (x: 606.892,30; y: 4.668.301,90), seguindo agora por unha pista cara ao nordés ata o punto (x: 607.258,75; y: 4.668.479,83) no cruzamento con outra pista, pola que o límite continúa cara ao sueste uns 540 m ata o punto (x: 607.485,88; y: 4.667.990,31). Segue cara ao leste por unha pista ata chegar ao cruzamento coa estrada OU-0110, no punto (x: 608.605,16; y: 4.668.290,17), onde vira cara ao norte seguindo pola estrada ata o cruzamento cunha pista, no punto (x: 608.438,80; y: 4.668.484,46). Segue por esta pista cara ao norte e tras percorrer uns 1.204 m chega ata un cruzamento de pistas no punto (x: 608.266,86; y: 4.669.672,47), en que o límite continúa cara ao leste por unha pista durante uns 2.143 m ata chegar ao cruzamento no punto (x: 610.394,20; y: 4.669.899,58). Segue por unha pista cara ao sur ata o punto (x: 610.393,13; y: 4.669.623,27), para continuar cara ao leste por outra pista ata o punto (x: 610.751,82; y: 4.669.620,20). Continúa por unha pista cara ao sur uns 1.503 m ata o punto (x: 610.413,52; y: 4.668.151,90), onde o límite segue cara ao leste ata o cruzamento coa pista asfaltada no punto (x: 613.287,30; y: 4.667.642,17), xa no concello de Vilar de Barrio.

Polo leste, desde o punto (x: 613.287,30; y: 4.667.642,17), o límite segue pola pista asfaltada cara ao sur ata o punto (x: 613.109,87; y: 4.667.296,85), onde cruza a canle principal da lagoa de Antela, continuando desde o punto (x: 613.123,77; y: 4.667.262,04), no concello de Sarreaus, por unha pista cara ao sueste ata o cruzamento de pistas no punto (x: 613.282,40; y: 4.667.094,62). Segue cara ao suroeste por unha pista ata chegar á estrada a Xinzo, no punto (x: 612.849,67; y: 4.666.421,35), para seguir pola dita estrada ata o punto (x: 611.732,86; y: 4.664.714,14), e continuar por unha pista cara ao noroeste ata chegar á canle principal da lagoa de Antela no punto (x: 610.745,83; y: 4.665.896,19). O límite continúa pola canle cara ao suroeste ata alcanzar a estrada a Pedra Alta, no punto (x: 610.504,53; y: 4.665.605,79), pola que segue cara ao noroeste ata o cruzamento cunha pista no punto (x: 610.059,37; y: 4.666.201,10). Segue por esta pista ata chegar a unha canle no punto

(x: 609.056,60; y: 4.665.746,02), no concello de Xunqueira de Ambía, para continuar por esta canle cara ao sur ata chegar á canle principal da lagoa de Antela no punto (x: 609.493,16; y: 4.664.853,71), no concello de Sarreaus. Segue uns 200 m pola canle da lagoa da Antela cara ao nordés ata ao punto (x: 609.671,16; y: 4.664.977,45), onde vira cara ao sueste, cruza a dita canle e segue por unha pista que vai cara ao sueste ata o punto (x: 610.639,16; y: 4.664.264,61), continuando cara ao sur por unha pista ata o cruzamento de pistas no punto (x: 610.621,74; y: 4.663.307,52) no límite de concellos. Segue cara ao sur por unha pista, no concello de Xinzo de Limia, ata o punto (x: 609.692,99; y: 4.662.160,10).

Polo sur, desde o punto (x: 609.692,99; y: 4.662.160,10), segue cara ao nordés por unha canle ata o punto (x: 607.838,19; y: 4.663.670,36), no concello de Sandiás. Continúa cara ao suroeste pola canle principal da lagoa de Antela ata chegar ao punto (x: 607.007,05; y: 4.663.082,85). Cruzando a canle, desde o punto (x: 606.984,66; y: 4.663.098,17), no concello de Sandiás, o límite segue por unha pista que vai cara ao noroeste ata o cruzamento de pistas no punto (x: 606.514,92; y: 4.663.494,53).

Polo oeste, desde o punto (x: 606.514,92; y: 4.663.494,53), o límite segue por unha pista que vai cara ao norte primeiro e cara ao nordés despois, ata chegar ao punto (x: 607.188,89; y: 4.664.542,17). Percorre a canle en dirección oeste-noroeste, que despois de virar cara ao norte chega ao (x: 606.794,68; y: 4.665.070,84). Desde este punto pasa ao punto (x: 606.789,24; y: 4.665.088,59) na estrada de Corga á Lagoa. O límite continúa pola estrada cara ao oeste ata o cruzamento cunha pista no punto (x: 606.427,64; y: 4.665.197,04), para seguir pola pista cara ao nordés ata o punto (x: 606.986,50; y: 4.665.900,30), onde vira cara ao noroeste ata chegar unha estrada no punto (x: 605.736,97; y: 4.666.534,31). O límite segue cara á Chousela ata o punto (x: 605.597,36; y: 4.666.427,01), continuando cara ao norte por unha pista ata o punto (x: 605.147,05; y: 4.666.673,95), e segue por outra pista cara ao norte ata o cruzamento no punto (x: 604.984,58; y: 4.667.086,07), no concello de Xunqueira de Ambía. O límite segue cara ao norte apoiándose nos límites dos predios ata chegar a unha pista no punto (x: 605.036,22; y: 4.667.470,20), seguindo pola pista cara ao norte ata chegar á canle no punto (x: 605.070,66; y: 4.667.734,37). Cruza a canle e segue por unha pista cara ao norte ata a bifurcación no punto (x: 605.084,66; y: 4.668.077,89) onde segue cara ao noroeste ata o cruzamento cunha pista no punto (x: 604.784,77; y: 4.669.041,98). Segue por esta pista cara ao nordés ata o punto (x: 605.050,61; y: 4.669.246,34), para continuar por outra pista que vai cara ao sueste ata o punto (x: 605.110,34; y: 4.669.178,24), onde continúa por outra pista cara ao norte ata rematar no punto (x: 605.130,84; y: 4.669.426,38).

-Sector B.

Polo norte, desde o punto (x: 596.422,79; y: 4.657.939,57), o límite continúa cara ao sur polo camiño do Bidueiro ata chegar ao río Bidueiro no punto (x: 596.413,83; y: 4.657.752,72). O límite cruza o río e a partir do punto (x: 596.432,69; y: 4.657.754,79) segue polos límites dos predios pasando polos seguintes puntos:

Punto	Coordenada x	Coordenada y
1	596.451,62	4.657.750,35
2	596.489,92	4.657.744,22
3	596.505,87	4.657.711,71
4	596.523,07	4.657.715,63
5	596.536,92	4.657.729,45
6	596.560,09	4.657.739,21
7	596.584,40	4.657.742,77
8	596.612,48	4.657.740,15
9	596.647,01	4.657.731,46
10	596.663,80	4.657.730,23
11	596.701,94	4.657.730,22
12	596.719,52	4.657.733,47
13	596.733,61	4.657.738,84
14	596.754,43	4.657.707,29
15	596.797,93	4.657.658,66
16	596.855,12	4.657.583,10
17	596.861,17	4.657.559,60
18	596.879,96	4.657.534,09

O límite segue polo camiño das Cárdenas cara ao nordés ata chegar ao cruzamento co camiño do Poula no punto (x: 597.086,73; y: 4.657.695,21), onde segue cara ao norte por este camiño ata o punto (x: 597.081,36; y: 4.657.805,31). Desde este punto segue cara ao leste pola divisoria de predios ata o punto (x: 597.239,80; y: 4.657.815,38), e continúa cara ao nordés ata o punto (x: 597.375,40; y: 4.657.874,92) na estrada do Castelo. Continúa por esta estrada con dirección a Castelo ata chegar ao cruzamento cunha pista no punto (x: 597.222,34; y: 4.658.259,80), para seguir por esta pista cara ao leste ata o punto (x: 597.464,02; y: 4.658.249,73) e continuar cara ao noroeste en liña recta ata o punto (x: 597.359,29; y: 4.658.349,08). O límite abandona a pista e segue en dirección nordés apoiándose nos límites dos predios, pasando ao longo do seu percorrido polos puntos:

Punto	Coordenada x	Coordenada y
1	597.382,12	4.658.351,10
2	597.401,59	4.658.367,21
3	597.430,94	4.658.368,61
4	597.513,03	4.658.433,67
5	597.500,94	4.658.447,77
6	597.492,89	4.658.488,72
7	597.502,41	4.658.494,79
8	597.476,77	4.658.587,40
9	597.504,97	4.658.603,51
10	597.502,28	4.658.609,56
11	597.525,78	4.658.661,25

Segue cara ao leste polo camiño do prado da Veiga ata o punto (x: 597.671,46; y: 4.658.751,88) no camiño do Palenque, onde continúa cara ao sueste ata o punto (x: 597.692,27; y: 4.658.727,71). Continúa en dirección nordés apoiándose nos límites dos predios, pasando ao longo do seu percorrido polos seguintes puntos:

Punto	Coordenada x	Coordenada y
1	597.701,00	4.658.742,48
2	597.710,40	4.658.743,82
3	597.740,61	4.658.788,80
4	597.810,60	4.658.838,87
5	597.850,70	4.658.854,59
6	597.865,47	4.658.877,42
7	598.003,09	4.658.924,41
8	598.027,26	4.658.899,57
9	598.099,77	4.658.977,44

A partir deste punto o límite coincide co límite dos concellos Rairiz de Veiga e Vilar de Santos. O límite vai cara ao sur por unha pista ata chegar ao punto (x: 598.654,67; y: 4.657.920,56), onde segue por unha pista en dirección leste ata chegar á canle principal da lagoa de Antela no punto de coordenadas (x: 598.879,31; y: 4.657.977,52). O límite cruza a canle ata o punto (x: 598.932,90; y: 4.657.977,75) na marxe esquerda da canle principal da lagoa de Antela, e segue por unha pista en dirección leste ata o punto (x: 600.976,27; y: 4.658.273,73) no cruzamento de pistas, onde vira cara ao sur por outra pista ata o punto (x: 601.038,71; y: 4.657.968,28), segue cara ao leste ata o cruzamento no punto (x: 602.305,02; y: 4.657.925,99). Continúa cara ao norte por unha pista ata o cruzamento no punto (x: 602.557,27; y: 4.658.676,18), segue cara ao sueste por unha pista ata o cruzamento no punto (x: 603.152,24; y: 4.658.291,66), desde onde continúa por unha pista cara ao nordés ata o seguinte cruzamento, no punto (x: 603.291,93; y: 4.658.723,56), para seguir por unha pista cara ao sueste ata o punto (x: 603.696,77; y: 4.658.380,48).

Polo leste, desde o punto (x: 603.696,77; y: 4.658.380,48), o límite continúa por unha pista que vai cara ao sur ata chegar á beira do río Limia no punto (x: 603.388,81; y: 4.657.253,58). O límite continúa por esta pista cara ao leste ata o punto (x: 603.598,86; y: 4.657.256,23), onde cruza o río Limia ata o punto (x: 603.604,33; y: 4.657.220,32). Segue por unha pista que vai cara ao sur, chega ata o cruzamento no punto (x: 603.539,47; y: 4.657.011,43) para continuar cara ao oeste por unha pista ata o cruzamento no punto (x: 602.864,31; y: 4.657.071,49) onde vira cara ao sur e segue por unha pista ata chegar a unha pista asfaltada no punto (x: 602.814,48; y: 4.655.962,13). O límite segue pola pista asfaltada en dirección oeste ata o cruzamento no punto (x: 601.810,78; y: 4.656.149,42), onde segue pola pista que vai ao núcleo da Manga de Abaixo ata o punto (x: 601.887,68; y: 4.655.799,98). O límite

segue bordeando o núcleo polo oeste co apoio dos límites dos predios, pasando polos puntos:

Punto	Coordenada x	Coordenada y
1	601.714,72	4.655.781,86
2	601.763,67	4.655.618,04
3	601.777,52	4.655.505,40

Desde o punto (x: 601.777,52; y: 4.655.505,40), o límite segue cara ao leste pola pista asfaltada ata o cruzamento, no punto (x: 601.926,60; y: 4.655.515,52), onde segue por unha pista en dirección sur ata o punto (x: 601.958,77; y: 4.655.040,40). O límite segue cara ao sueste ata chegar á estrada OU-301 no punto (x: 602.211,58; y: 4.654.981,34), para continuar pola estrada en dirección á Porqueira ata chegar ao cruzamento (x: 601.954,28; y: 4.654.787,14) onde colle pola pista que vai cara ao sur ata o seguinte cruzamento no punto (x: 601.959,78; y: 4.654.609,19). Desde aquí o límite vira cara ao leste e segue por unha pista ata o punto (x: 603.957,67; y: 4.654.682,55), onde vira cara ao sur e segue por unha pista asfaltada ata o cruzamento no punto (x: 603.842,17; y: 4.654.003,51).

Polo sur, desde o punto (x: 603.842,17; y: 4.654.003,51), o límite continúa por unha pista que vai cara ao oeste ata chegar ao cruzamento cunha pista asfaltada no punto (x: 601.966,89; y: 4.653.882,88). Continúa pola pista cara ao sur ata o punto (x: 601.967,18; y: 4.653.839,60) e segue, co apoio do límite dos predios, en dirección oeste ata o punto (x: 601.734,19; y: 4.653.843,37), para seguir por unha pista cara ao norte ata o cruzamento no punto (x: 601.751,52; y: 4.654.323,03). Segue cara ao norte-noroeste por unha pista ata chegar ata o punto (x: 600.927,18; y: 4.656.355,18), para seguir pola pista que vai cara ao oeste-suroeste ata o cruzamento no punto (x: 599.755,23; y: 4.656.141,39) onde vira cara ao suroeste ata o cruzamento no punto (x: 599.364,97; y: 4.655.611,56). Desde aquí segue en dirección norte-noroeste ata o cruzamento (x: 599.147,77; y: 4.656.199,80), onde continúa na mesma dirección ata chegar ata cruzamento no punto (x: 598.895,70; y: 4.656.552,40). Segue por unha pista cara ao suroeste ata o punto (x: 598.117,48; y: 4.656.204,99), para continuar cara ao noroeste por unha canle ata chegar a unha pista no punto (x: 597.918,55; y: 4.656.536,76). Continúa pola pista en dirección suroeste ata o punto (x: 597.645,82; y: 4.656.334,94), onde segue cara ao sueste por unha canle ata chegar ao punto (x: 597.804,81; y: 4.656.073,34). Segue cara ao suroeste por unha pista ata chegar ao cruzamento no punto (x: 596.899,65; y: 4.655.684,33) onde volve virar cara ao sueste ata chegar ao punto (x: 597.049,01; y: 4.655.276,26). Segue cara ao oeste, apoiándose nos límites dos predios e pasando polo punto (x: 596.901,62; y: 4.655.208,91) ata chegar ao punto (x: 596.642,24; y: 4.655.205,93). Segue cara ao sur por unha pista ata chegar ao cruzamento no punto (x: 596.687,89; y: 4.655.076,37), para seguir cara ao oeste por unha pista ata o cruzamento no punto (x: 595.794,35; y: 4.655.078,38). O límite continúa

en liña recta, cara ao oeste, ata o punto (x: 595.744,66; y: 4.655.074,06) na beira do río Fírbeda. Segue pola pista que vai pola beira do río augas arriba ata chegar ao punto (x: 595.766,26; y: 4.654.265,94), onde cruza o río e segue por unha pista en dirección oeste-suroeste ata o cruzamento situado no punto (x: 594.966,60; y: 4.654.069,38) onde vira cara ao norte-noroeste ata chegar ao cruzamento no punto (x: 594.838,38; y: 4.654.561,46), onde vira cara ao oeste-suroeste ata chegar ao punto (x: 594.297,34; y: 4.654.423,76). O límite segue por unha pista cara ao sur ata chegar ao cruzamento no punto (x: 594.421,75; y: 4.653.931,51), para seguir cara ao suroeste ata chegar ata o punto (x: 593.553,81; y: 4.653.710,72). O límite continúa pola pista que vai o sur-sueste ata chegar ao punto (x: 593.627,56; y: 4.653.408,88), onde segue cara ao oeste polo límite de predios pasando polos puntos (x: 593.381,87; y: 4.653.347,64), (x: 593.384,56; y: 4.653.334,69) e (x: 593.148,35; y: 4.653.275,72). Desde este último punto, o límite prosegue en dirección norte-noroeste ata chegar ao límite entre os concellos de Bande e Porqueira no punto (x: 593.104,62; y: 4.653.456,98), na beira da canle de Antela. Continúa cara ao nordés ata o punto (x: 593.147,44; y: 4.653.505,07) que limita ademais co concello de Rairiz de Veiga. O límite cruza a canle de Antela cara ao oeste, polo límite dos concellos de Bande e Rairiz de Veiga ata chegar ao o punto (x: 592.876,52; y: 4.653.683,04) situado na estrada de Vilar de Santos.

Polo oeste, desde o punto (x: 592.876,52; y: 4.653.683,04), o límite continúa cara ao norte pola estrada a Vilar de Santos ata chegar ao punto (x: 594.153,04; y: 4.655.990,17). O límite segue polo camiño do Rego ata chegar ao punto (x: 594.211,11; y: 4.655.924,54), onde abandona o camiño e segue en dirección nordés apoiándose nos predios pasando ao longo do seu percorrido polos puntos:

Punto	Coordenada x	Coordenada y
1	594.257,35	4.655.942,38
2	594.349,36	4.655.963,87
3	594.383,72	4.655.986,66
4	594.382,05	4.656.009,55
5	594.373,05	4.656.033,34
6	594.360,34	4.656.068,35
7	594.424,52	4.656.104,30
8	594.428,43	4.656.115,41
9	594.431,33	4.656.121,23
10	594.433,83	4.656.128,69
11	594.426,78	4.656.148,03
12	594.459,31	4.656.172,07

O límite segue pola estrada de Penelas a Veiga cara ao sueste ata chegar ao punto (x: 594.477,55; y: 4.656.143,86), onde o límite segue cara ao nordés polo límite dos predios e pasando polos puntos:

Punto	Coordenada x	Coordenada y
1	594.597,43	4.656.208,76
2	594.595,86	4.656.213,18
3	594.614,43	4.656.220,41

O límite continúa polo camiño do Regueiro con dirección sueste, ata chegar ao punto (x: 594.634,10; y: 4.656.211,93), onde segue cara ao nordés polo límite de predios, pasando polo punto (x: 594.663,39; y: 4.656.222,31) ata chegar ao punto (x: 594.704,80; y: 4.656.236,14) no camiño do Gaspar. O límite segue por este camiño cara ao norte ata chegar ao punto (x: 594.657,22; y: 4.656.389,95), onde continúa cara ao nordés por outro camiño ata chegar ao punto (x: 594.741,14; y: 4.656.587,34). O límite segue cara ao nordés en liña recta entre o punto anterior e o punto (x: 594.773,81; y: 4.656.602,71), para seguir polos límites de predios pasando polos puntos (x: 594.832,72; y: 4.656.630,59) e (x: 594.987,49; y: 4.656.725,81). O límite continúa polo camiño da Retorta cara ao leste ata o punto (x: 595.130,48; y: 4.656.729,84) e desde aquí ata o río da Lavandeira no punto (x: 595.131,16; y: 4.656.752,66). Segue cara ao norte, polos límites dos predios e pasando polos puntos:

Punto	Coordenadas x	Coordenadas y
1	595.098,83	4.656.774,28
2	595.068,05	4.656.812,41
3	595.170,09	4.656.899,01
4	595.101,17	4.656.958,48
5	595.093,43	4.656.964,11
6	595.049,25	4.656.988,97

O límite segue en dirección nordés por unha pista ata o punto (x: 595.205,61; y: 4.657.101,96) e de novo polas límites de predios pasando polos puntos:

Punto	Coordenadas x	Coordenadas y
1	595.204,33	4.657.104,44
2	595.234,85	4.657.116,36
3	595.273,04	4.657.139,09
4	595.298,32	4.657.152,78
5	595.341,39	4.657.187,26
6	595.369,97	4.657.212,86
7	595.388,27	4.657.225,28
8	595.413,11	4.657.226,62
9	595.443,32	4.657.237,36
10	595.447,91	4.657.243,59

Desde este punto, situado nun rego, o límite segue polo rego cara ao noroeste ata chegar á estrada de Vilar de Santos no punto (x: 595.332,55; y: 4.657.361,56), para seguir por esta estrada en dirección a Vilar de Santos ata o punto (x: 596.422,79; y: 4.657.939,57).

Canle de Antela.

Os sectores A e B quedan unidos polos límites da ZEPa que inclúen a canle de Antela: desde os puntos (x: 606.984,66; y: 4.663.098,17) e (x: 607.007,05; y: 4.663.082,85) no sector A, seguindo polas pistas nas marxes da canle, ata chegar aos puntos (x: 598.879,31; y: 4.657.977,52) e (x: 598.932,90; y: 4.657.977,75) no sector B.

-Sector C.

Polo norte, o límite comeza na marxe dereita do río Limia no punto (x: 610.299,54; y: 4.657.755,11), no

concello de Xinzo de Limia. Continúa augas arriba ata o punto (x: 612.562,02; y: 4.658.515,59), onde cruza o río seguindo unha pista en dirección sueste. Segue pola pista ata o punto (x: 612.842,69; y: 4.658.339,10), continuando por unha canle en dirección sueste ata o punto (x: 612.880,87; y: 4.658.260,78), para seguir cara ao leste por outra canle ata chegar a unha pista no punto (x: 613.319,68; y: 4.658.306,05). Segue por esta pista cara ao leste ata cruzar con outra pista no punto (x: 613.969,60; y: 4.658.432,91), no límite entre concellos. Continúa por esta pista cara ao norte, dentro dos límites do concello de Sarreaus, ata a bifurcación no punto (x: 614.148,26; y: 4.658.934,64). Segue pola pista que vai en dirección leste ata o seguinte cruzamento no punto (x: 614.804,53; y: 4.658.827,73).

